

Non é doado imaxinar una vida sen música. Incluso se quixésemos pasar 24 horas illados dela seríanos practicamente imposible: espertamos con música, almorzamos con música, viaxamos con música, mercamos con música ... O noso tempo de lecer está case sempre ligado a ela, intencionadamente ou sen buscalo.

Que ten a música que a fai imprescindible?

MÚSICA E BENESTAR

Os seres humanos buscamos o pracer porque nos fai sentir ben. Hai moitas cousas que nos poden facer sentir así, unhas son físicas, coma comer ou durmir; outras emocionais, coma a amizade ou o amor; e outras mentais, coma o pracer de descifrar un enigma, resolver un problema ou comprender o funcionamento dun mecanismo complicado. A orixe é diferente pero o noso cerebro os identifica sempre coma actividades pracenteiras.



De todas as artes, a música é a que pode proporcionarnos os tres tipo de pracer, pois nela se suman os aspectos físicos, mentais e emocionais.

Cando escoitamos unha peza musical que nos agrada non nos paramos a pensar que é o que no está a producir pracer, pero tanto pode ser a calidade do guitarrista coma a forza do ritmo que nos empurra a bailar ou un estremecemento provocado pola forza emotiva da súa letra ou por un fermoso recordo que asociamos con esa melodía.

RESPOSTAS HUMANAS Á MÚSICA

Ante o estímulo sonoro dunha peza musical os seres humanos (e tamén moitos animais) reaccionamos de algún modo.

Hai tres tipos de respostas humanas á música:

1. Resposta emocional:

Unha emoción é un estado mental intenso, que xurde no noso sistema nervioso de xeito espontáneo e provoca unha resposta positiva ou negativa.

A resposta emocional á música é involuntaria, induce en nós sentimentos e da lugar a reaccións automáticas (acelérase o corazón, sentimos tristeza, alegría, euforia, nostalgia...)



Cando escollemos a música que queremos escoitar nun momento determinado, estamos buscando que se adapte ao noso estado de ánimo ou, polo contrario, se queremos cambialo, que nos axude a modificalo. Así, por exemplo, se me sinto nostálgico e quero pasar unha tarde tranquila,

recordando momentos especiais, escollerei unha música que me axude a sentirme así. Se, pola contra o que quero é animarme, escollerei unha que me axude a cambiar de estado de ánimo, que me empuxe a bailar, cantar e distraerme deses recordos.

Xa os antigos gregos estudaron a influencia da música nas persoas e chegaron a clasificar os tipos de escalas máis adecuados para os desfiles militares, as actividades que requiren concentración ou para combater a tristeza.

De feito, hoxe en día, hai abundantes estudos que demostran o poder terapéutica da música e é empregada con frecuencia para tratar enfermidades coma o estres, a depresión, a ansiedade, o Parkinson ou o Alzheimer. É a denominada MUSICOTERAPIA.

2. Resposta corporal:

Pode ser de dous tipos:

- a) Involuntaria: Os movementos que facemos, sen darnos conta, ao ritmo da música, cos pes, as mans ou a cabeza.
- b) Voluntaria: cando escoitamos música e decidimos movernos ao seu ritmo, é dicir, bailar.



Ambas respostas prodúcense a partir dun aspecto musical concreto: o ritmo. Os patróns rítmicos marcados da percusión ou o baixo son os que nos empuxan a movernos mentres que coas pezas de ritmo lento e pouco marcado, non sentimos a necesidade de movernos.

3. Resposta intelectual:



Con frecuencia, cando escoitamos unha peza musical, prestamos atención a algún aspecto que nos chama a atención especialmente: a voz do cantante, o xeito de interpretar o guitarrista, o parecido con outra peza musical coñecida, o contido da letra... Cando facemos isto estamos analizando dun xeito intelectual a peza musical, empregando a nosa mente para comprender como se interpretan ou se executan os distintos

elementos desa peza.

O feito de prestar atención a esas aspectos é beneficioso por dous motivos: **Mellora a nosa percepción e comprensión da música e aumenta o pracer que obtemos dela.**

Ao exercicio de identificar as características dos elementos musicais dunha peza o denominamos **análise musical**.


(ver ficha de análise)

ORGANIZANDO TODA A MÚSICA POSIBLE

Se tentásemos organizar ou clasificar toda a música poderíamos facelo seguindo diferentes criterios.

OS XÉNEROS DA MÚSICA

Podemos clasificala, por exemplo, polo feito de incluír ou non voces. Atoparíamos entón dous xéneros de música: VOCAL e INSTRUMENTAL.



Xéneros que, á súa vez, poden subdividirse do seguinte xeito:

- MÚSICA INSTRUMENTAL PURA OU ABSTRACTA: Non ten significado concreto nin pretende telo. Busca a beleza no propio son.
Exemplo: Sonatas, Cuartetos, Sinfonías, Concertos...
- MÚSICA INSTRUMENTAL DESCRIPTIVA:
Tenta retratar ou evocar lugares, paisaxes, relatos, momentos, ambientes, etc a través dos elementos da linguaxe musical.
Exemplo: *As catro estacións*, A. Vivaldi, *Peer Gynt*, E. Grieg.
- MÚSICA VOCAL DRAMÁTICA: O contido do texto ten un argumento, conta unha historia e se escenifica, coma a ópera ou o teatro musical.
- MÚSICA VOCAL DE CONCERTO: Non se escenifica. Fala de sentimentos, emocións, pero sen ser representada.

OS ESTILOS DA MÚSICA

Outro xeito de organizar ou clasificar a música é polo seu estilo.

Existen **TRES GRANDES TIPOS DE MÚSICA**

1. **A MÚSICA CLÁSICA OU CULTA** (transmítese por escrito, coñecemos aos seus autores, os intérpretes especialízanse e os instrumentos que a interpretan son os da orquestra sinfónica).
2. **A MÚSICA TRADICIONAL OU FOLCLÓRICA** (transmítese oralmente, sen que coñezamos case nunca o seu autor, vai unida á cultura e á identidade dos pobos e interprétase con instrumentos tradicionais de cada pobo)
3. **A MÚSICA POPULAR URBANA** (nace a comezos do século XX nas grandes cidades de EE UU, difúndese a través de gravacións e interprétase con instrumentos amplificados eléctricamente).

Dentro de cada un deses tipos de música podemos identificar diferentes **estilos**:

- Os **estilos** da música culta correspóndense coas diferentes etapas da súa historia: Idade Media, Renacemento, Barroco, Clasicismo, Romanticismo e Música Contemporánea.
- Os **estilos** da música tradicional correspóndese coas diferentes culturas que representan: música galega, flamenco, música magrebí, hindú, china ou dos aborixes australianos...
- Os **estilos** da música popular urbana son moi variados e case sempre derivan uns dos outros, fusionándose e mesturándose entre eles. Algúns exemplos destes estilos son Blues, jazz, rock & roll, soul, funk, punk, hardcore, grunge, rap ou hip-hop, flok, country, pop, electrónica, house, heavy, reggae e un longo etcétera.

	MÚSICA TRADICIONAL OU FOLK	MÚSICA CULTA OU CLÁSICA	MÚSICA POPULAR URBANA OU MODERNA
Transmisión	oral	escrita	Oral e/ou escrita
Difusión	Directo: Festas populares ou familiares. Son sen amplificar. Gravado: CD, DVD, radio, TV e internet...	Directo: Cortes, igrexas, teatros e salas de concertos. Son sen amplificar. Gravado: CD, DVD, radio, TV e internet...	Directo: locais nocturnos, escenarios ao aire libre, pabillóns, estadios... Son amplificado. Gravado: CD, DVD, radio, TV e internet...
Autor	Anónimo	coñecido	Coñecido
Intérpretes	Autodidactas, estudos non regrados (ESCOLAS DE MÚSICA TRADICIONAL)	Estudios regrados (CONSERVATORIOS DE MÚSICA)	Autodidactas, estudos non regrados (ESCOLAS DE ROCK, JAZZ, ...)
Indumentaria	Roupa tradicional	Roupa formal	Libre
Instrumentos	Os propios de cada pobo ou cultura Fabricación artesá (luthier)	Instrumentos de orquestra Fabricación artesá e en serie	Eléctricos e electrónicos Fabricación en serie
ESTILOS	Cada cultura que representan: flamenco, galega, xaponesa, magrebí, mexicana...	Cada etapa da súa historia: Idade Media, Renacemento, Barroco...	Moi variados e en fusión permanente: jazz, rock, pop, soul, rap, country, funky, punk, tecno ...